

A AC Irmáns Suárez Picallo e a CRMH da Coruña demandan da Xunta de Galiza a urxente incoación da declaración BIC dos bens mobles de Meirás

As entidades memorialistas (Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo e a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña) demandan a urxencia desta medida, xa que nada impediría aos Franco retirar do Pazo de Meirás o vindeiro 26 de xuño, bens de grande valor patrimonial ligados de maneira inseparable do conxunto histórico.

Sada, a 24 de abril de 2023. O Xulgado de Primeira Instancia nº 1 da Coruña, resolveu recentemente autorizar á familia Franco á retirada de determinados bens mobles do Pazo de Meirás, como resultado da actual situación xurídica que sobre os bens mobles e o propio inmovible se siguen en diferentes ámbitos xudiciais.


Neste sentido, lembramos que o Estado formulou un incidente de execución de sentenza sobre bens que a Avogacía do Estado consideraba ligados de maneira inseparable do inmovible e recentemente, unha nova demanda civil pola propiedade de determinados bens mobles do Pazo de Meirás.

Como resultado do primeiro pleito, máis dun centenar de bens ligados ao inmovible (tales como o retablo da capela ou o sepulcro deseñado por Pardo Bazán), quedan de maneira definitiva condicionados ao resultado final sobre o estado posesorio do propio inmovible, litixio este pendente de sentenza do Tribunal Supremo, e polo tanto estes bens permaneceran en Meirás, cando menos ata que coñezamos o resultado desa resolución pendente do alto tribunal.

Tamén permaneceran no Pazo de Meirás libres da rapiña dos Franco o vindeiro día 26 de xuño – e pendentes do que no futuro resolva a xustiza - os bens mobles que o Estado demanda nun novo pleito civil (en concreto 2 bens de Patrimonio Nacional, 409 do patrimonio documental e 153 ligados á escritora Emilia Pardo Bazán e bens incorporados durante a ditadura franquista).

Mais aínda que a maioría de bens mobles de interese patrimonial non contan con autorización para saír do Pazo de Meirás, compre lembrar que de non facer nada, os Franco si poderán sacar moitos bens de Meirás. En concreto 697 elementos - case 400 bens – inventariados no seu día pola Xunta de Galiza e que non foron reclamados polo Estado, tanto no incidente de execución de sentenza como na nova demanda formulada recentemente, ademais dos 5 bens – algúns de interese histórico – que a xustiza determinou como propiedade dos Franco no incidente de execución de sentenza.

Algúns destes bens están ligados a algunha das dúas etapas de interese histórico no Pazo de Meirás (esto é ou ben forman parte da etapa de Pardo Bazán e xa estaban no conxunto antes da



A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO



chegada de Franco a Meirás, ou ben foron incorporados durante a ditadura) e teñen un enorme interese. En concreto, e a xeito de exemplos, pezas que adornan o salón da planta baixa da torre de levante e o contiguo a estes (conxuntos isabelinos, altar portátil de madeira, bargueños, consolas de parede ou pezas de porcelana).

E por elo que a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo e a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, queren solicitar públicamente da Xunta de Galiza a incoación urxente do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural dalgunhas das pezas deste catálogo da propia Xunta de Galiza, como xa se dixo, de grande valor patrimonial. Todo elo no exercicio das competencias exclusivas que nesta materia ten a Consellería de Cultura

Esta medida, compre lembrar, é a única que podería evitar a saída destes bens que non foron reclamados xudicialmente polo estado tal e como reclamou no seu momento o concello de Sada e o movemento memorialista.